# DXP
# 25 ANOS
# CONSTRUÍNDO O PÚBLICO

25 aniversario
Dirección e Xestión Pública

"Benvidos e benvidas á exposición conmemorativa do 25 aniversario da Facultade de Dirección e Xestión Pública da Universidade de Vigo.

Dende a nosa fundación, fomos un piar fundamental na formación de profesionais comprometidos coa excelencia, a ética e a innovación na administración. Esta mostra percorre dous decenios e medio de historia, dende os primeiros pasos da Diplomatura ao Grao, ata a consolidación do Grao e o Máster e o impacto investigador do Observatorio de Gobernanza G3.

Convidámosvos a descubrir os fitos, as alianzas internacionais e, sobre todo, as persoas -alumnado, profesorado e persoal de administración— que converte esta Facultade nun referente de calidade e empregabilidade.

Grazas por formar parte destes 25 anos de servizo á sociedade."

**Enrique José Varela Álvarez. Decano**








## A FÓRMULA DXP

**Baseada na Axenda Estratéxica da Facultade para o período 2023-2030**

FACDXP = I3 + D + I3

| I3 | D | I3 |
|---|---|---|
| INSTITUCIONALIZACIÓN<br>INTERNACIONALIZACIÓN<br>INNOVACIÓN | DIVERSIDADE | IGUALDADE<br>INCLUSIVIDADE<br>IMPACTO SOCIAL |

**DIARIO DE PONTEVEDRA, 09/02/2025**







Xosé Mahou, Milagros Hurtado, Enrique Varela y Fernando Martínez, este miércoles en el 'ágora' de la Facultade. GONZALO GARCÍA

**Enrique Varela**
Decano
«Estamos aquí de pleno dereito; temos un espazo recoñecido no mesmo edificio e negociamos os temas comúns»

**Milagros Hurtado**
Delegada de alumnado
«Son profesores e son guías, porque o mundo laboral é xigantesco e abrumador»

**Xosé Mahou**
Vicedecano de Virtualización
«Non é igual traballar a empregabilidade de 100 que de 20; a universidade do futuro non vai ser de números»

**Fernando Martínez**
Coordinador del grado
«Desde que o alumnado entra en primeiro ata que sae co TFG e as prácticas, hai un seguemento constante»

## "Dentro de 20 anos valorarase o traballo"

▸ Los estudios de Dirección e Xestión Pública cumplen 25 años como un grado único en España y el único del SUG con una modalidad virtual ▸ La internacionalización y la diversidad del alumnado están entre sus principales objetivos

CHUS GÓMEZ
cgomez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. Los estudios de Dirección e Xestión Pública, uno de los grados más singulares y, la vez, más desconocidos del campus de Pontevedra, celebran sus bodas de plata. Este curso se cumplen 25 años de la implantación de la antigua diplomatura en Xestión e Administración Pública, todavía en el viejo Hogar Provincial de la Rúa Serra, donde compartió precarias instalaciones con Publicidade e Relacións Públicas durante su primer curso. A finales del año 2000 por fin se trasladó al flamante nuevo edificio del campus de A Xunqueira, al mismo tiempo que Publicidade.

En aquellos años, como diplomatura y con aquella nomenclatura, tenía un cupo de 75 alumnos por curso y se consideraba el camino natural para presentarse a una oposición, pero también era ya entonces una opción óptima para formarse de cara a trabajar en la empresa privada.

Aunque en 2022 se constituyó la facultad propia de Dirección e Xestión Pública, no hubo ninguna mudanza. "Estamos aquí de pleno dereito e estamos ben. Temos un espazo recoñecido no mesmo edificio e negociamos en canto aos elementos comúns", explica el decano, Enrique Varela, uno de los profesores más veteranos, pues imparte clase desde aquel lejano curso a finales del siglo XX

Otro de los momentos clave fue la conversión de diplomatura en grado, a raíz del Plan Bolonia. Ocurrió en 2009, después de una movilización estudiantil para exigir la implantación del título de grado en bloque que llevó consigo incluso una huelga indefinida ('XAP tamén existe, non máis mentiras') y una manifestación al grito de "Queremos o grao xa!".

Precisamente lo cuenta en el "ágora", un espacio de actividades situado en la primera planta del inmueble, donde se celebran homenajes, debates electorales o conmemoraciones y se instalan exposiciones. Muy cerca está el aulario -donde hay clases presenciales por las mañanas y virtuales por la tarde, que se imparten a través del Campus Remoto- y, en la planta superior, el decanato. Es un grado híbrido.

Varela comparte charla con el vicedecano de Virtualización, Xosé Mahou; el coordinador de grado, Fernando Martínez, y la presidenta de la Delegación de Alumnado, la joven Milagros Hurtado, que cursa segundo en la modalidad presencial. Posteriormente se unirá el profesor Óscar Briones.

### Atención personalizada

Una de las singularidades del grado es su exiguo número de plazas, en comparación con otros: un máximo de 25 en la modalidad virtual y de 20 en la presencial. Habitualmente se van cubriendo sin prisa pero sin pausa con una nota de corte asequible, aunque la mayor demanda es la del Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional, también virtual. "Tamén ten 25 prazas e o ano pasado tivo 150 solicitudes, é moi competitivo", destaca Mahou.

La gran ventaja de esta cifra, tal como destacan tanto docentes como alumnado, es la personalización y la atención individualizada, y que posibilita "traballar nas aulas con evaluación continua", apunta Varela. "As medidas de calidade van orientadas a un tipo de metodoloxía docente que leva a que teñas que traballar na clase cunhas condicións determinadas, entre elas o número, máis aló do maior ou menor coñecemento que teña unha titulación. Apostamos por iso".

"É unha oportunidade, un número máis que suficiente para traballar na clase de maneira máis directa. É moi personalizado", añade Mahou, quien recuerda que los primeros alumnos Erasmus que recibieron se sorprendieron por el carácter práctico e comunicativo das aulas de la titulación.

"E participativo tamén", apostilla Milagros Hurtado. Tanto ella como sus compañeros están encantados con la implicación de sus docentes, algo que puede comparar con la experiencia de amigos que estudian en aulas de hasta un centenar de estudiantes. "Participamos moito na clase, podemos ampliar información, ou consultar dúbidas e tamén nos orientan moito para saber por que camiño queremos tirar ao rematar, se facer un máster, se buscar traballo, preparar o oposicións... Á hora de decidir que facer no futuro é fácil preguntarlles e pedirlles recomendación. Son profes e son guías, porque o mundo laboral é xigantesco e abrumador e esta é unha carreira con amplos coñecementos".

**Aniversario**
En la programación de aniversario estarán la presidenta del CSIC, Eloísa del Pino, y el catedrático de Políticas Salvador Martí

**Máster en Dirección Pública**
La titulación más demandada es el máster, virtual, que este curso recibió 150 solicitudes para apenas 25 plazas

**Orientación en clase**
El alumnado agradece el trato directo con el profesorado, que además ejerce de orientador de cara al futuro tras la graduación

"Desde que empezan en primeiro e saen co TFG e as prácticas hai un seguemento constante", confirma Fernando Martínez. Y el alumnado no siente que es un simple "expediente".

Aunque llevan muy a gala ser una universidad pública, Varela apunta que "funcionamos coa lóxica de aproximación á docencia" de las privadas, con la gran diferencia del precio. Unas tasas que se nota, y mucho también, en el máster, que cuesta apenas "600 euros" frente a los 12.000 que puede llegar a costar en otras instituciones.

Otra ventaja de esta cifra de alumnos es la facilidad para realizar un "seguimento para as prácticas e a empregabilidade. Traballar a empregabilidade de cen persoas non pode ser igual a traballar a de 20", señala Mahou. "A universidade do futuro non vai ser de números".

### El primer grado virtual

Otra de las ventajas es el contacto con las empresas y las instituciones, aunque, admite Mahou, "quizais non se coñeza o contido do título. Non so é estar detrás dun mostrador, é moito máis complexo e fermoso". Aparte de las materias de política, sociología, derecho, economía o ciencias de la administración... también se abordan otros conocimientos como redes sociales, tecnologías de la información o cooperación para el desarrollo. "O sector reclama estas competencias", así como habilidades para el empleo o habilidades directivas. "Iso non está en moitas carreiras".

Mención aparte merece la modalidad virtual del grado, que no se limita a "subir a documentación a unha plataforma". "Crear o primeiro grao virtual oficial foi todo un reto".

De este modo, mientras en la modalidad presencial el perfil del alumnado está más orientado a jóvenes recién salidos del instituto, en la virtual -que graduó el año pasado a su primera promoción- confluyen personas de todas las edades, muchas de ellas ocupando importantes cargos administrativos o políticos, que quieren mejorar sus conocimientos en el sector o formarse para preparar oposiciones, y también personas con cargas familiares que no pueden ceñirse al horario convencional de clase. Uno de los ejemplos que menciona Varela es Alberto de la Fuente, secretario general en la Delegacion del Gobierno en Galicia, que fue alumno del máster. También cursó esta titulación el concejal de Tecnoloxías da Información e da Comunicación de Soutomaior, Diego Moreira, concello donde, precisamente, estuvo realizando prácticas un alumno de la facultad.

Más allá de la edad y la ocupación, las opciones virtuales atraen a alumnado más allá de las fronteras gallegas e incluso españolas. El máster, de hecho, tiene una cuota de cinco plazas para alumnos de fuera del Espazo Europeo de Educación Superior, "sobre todo de América Latina".

### Balance de un cuarto de siglo

El equipo decanal tiene claro que con el actual ritmo de natalidad el futuro de la universidad no pasa, al menos únicamente, con los jóvenes salidos del instituto, sino con alumnado de todas las edades y procedencias, de modo que también se cumpla la máxima del Plan Bolonia de apostar por la formación continua a lo largo de la vida.

"Temos que integrar a diversidade, abrir fronteiras, atraer a maiores de 25 anos... De feito un dos obxectivos de Bolonia é abrir a universidade ás demandas sociais e ser competitivos".

La diversidad de alumnado es "enriquecedora", pues compartir aulas con compañeros que aportan su experiencia laboral es un plus para los jóvenes recién llegados de Bachillerato, algo que Hurtado tiene claro también.

**Materias**
Además de materias clásicas como economía, derecho, políticas o sociología, también se imparten redes sociales o cooperación para el desarrollo

**Internacionalización**
El equipo decanal apuesta por abrir las fronteras y reeditar el convenio con São Paulo tras implantar otro con la Unad colombiana

**Travesía del desierto**
La crisis y las políticas de austeridad, con tasa de reposición cero, fue el período más negro

¿Y qué balance hacen de estos 25 años? "En 20 anos valorarase o traballo", sentencia Varela. "Está funcionando -apunta Mahou-. Están a chamar de universidades de fóra de Galicia para introducir a experiencia dos graos virtuais".

Entre todos los hitos de este cuarto de siglo, Varela destaca la creación de la facultad, en 2022. "Sen a facultade, o grao non existiría", pues hasta entonces el grado no tenía ni siquiera "interlocución directa" ni "capacidad de gestión" como ahora, que tienen un margen de maniobra mucho mayor, lo que les permite, por ejemplo, organizar las actividades de celebración de esta efemérides. Aunque las del segundo cuatrimestre están sin cerrar, Varela anunció la presencia de la directora del CSIC, Eloísa del Pino, y del catedrático del área de Ciencia Política y de la Administración de la Universidad de Girona Salvador Martí.

En este tiempo también sufrieron una importante travesía por el desierto, en alusión a la crisis y a la caída de matrícula de la pasada década, marcada por las políticas de austeridad y la tasa de reposición cero, que aniquiló muchas ofertas públicas de empleo.

La facultad cuenta también con su propio grupo de investigación, el Observatorio de Gobernanza G3, formado por doce integrantes, en el que "abrimos liñas de investigación que non existían", realizan labores de transferencia y reciben encargos para realizar informes para distintas administraciones. "Moitos gobernos pídennos axuda", incide Óscar Briones..

### Cercano y económico

Asimismo ponen en valor el hecho de que la facultad esté al lado de casa, la riqueza que es tener un campus en cada provincia y que no sea obligatorio marcharse para estudiar un grado universitario, ahorrándose así los elevados costes que supone, entre tasas mucho más altas y alojamiento. "A xente que non quere marchar pode estudar aquí" y, apunta Mahou, para recorrer el mundo hay tiempo. "Pódese empezar aquí e acabar en Noruega ou en Australia" u optar por una beca Erasmus.

Será por eso que el grado es cada vez la opción prioritaria a la hora de pedir plaza en la universidade. "Fomos crecendo en primeira opción desde 2020 na presencial e maioritariamente é a primeira opción na virtual", explica Varela. Precisamente Hurtado, vecina de O Morrazo, eligió este grado como su primera opción.

Y, además, en el curso 2022-2023 volvió a ser el grado mejor valorado de la UVigo en su modalidad virtual y el mejor del campus en la presencial junto con Fisioterapia.

¿Y cómo se mira el futuro? Una cosa está clara, después de que en 2019 decayera el convenio para el doble grado con la Universidade de São Paulo, la más grande de Sudamérica, el objetivo es recuperarlo, pero ya antes, el próximo curso, se materializará el acuerdo con la Universidad Nacional Abierta y a Distancia (Unad) de Colombia, "que ten máis de 200.00 alumnos", para ese doble grado en su línea de ciencia política.

### Fechas clave de un cuarto de siglo

Los 25 años de existencia de estos estudios tienen varios momentos clave:

**Curso 1999-2000:** Implantación de la extinta diplomatura en Xestión e Administración Pública en la antigua facultade de Ciencias Sociais, que acogía Publicidade, situada todavía en el viejo Hogar Provincial situado en la Rúa Serra.
**Finales del año 2000:** traslado al nuevo edificio del campus de A Xunqueira.
**Curso 2009-2010:** la titulacion fue reemplazada, los cuatro cursos en bloque, por el actual Grao en Dirección e Xestión Pública.
**Curso 2011-2012:** implantación del Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional, exclusivamente virtual.
**Curso 2013-2014:** creación de una modalidad semipresencial.
**Curso 2020-2021:** primer grado del Sistema Universitario de Galicia en contar con una modalidad virtual.
**Curso 2020-2021:** implantación del nuevo plan de estudios.
**Año 2022:** constitución de la Facultade de Dirección e Xestión Pública, con Enrique Varela como primer decano.



**24/09/2007 Inicio de curso**
La diplomatura iniciaba su octavo curso, en la facultad de Ciencias Sociais en el campus de A Xunqueira, y las nuevas tecnologías de la época eran imprescindibles para trabajar en el aula. FOTO: NOE PARGA




**26/03/2009 Huelga indefinida**
El estudiantado de la diplomatura convocó una huelga indefinida para exigir al Decanato la implantación del título de grado en todos los cursos a partir del siguiente curso. FOTO: GONZALO GARCÍA




**02/04/2009 Detrás de la pancarta**
Las movilizaciones por la implantación del grado en bloque tras la puesta en marcha del Plan Bolonia y no solo en el primer curso incluyeron una sentada a las puertas del Decanato de Ciencias Sociais y otras protestas. FOTO: D. FREIRE



**08/06/2012 Tercera promoción de graduados**
La calma volvió con la implantación del grado en bloque, de ahí que en 2012 se graduara la tercera promoción de graduados. Tuvo como padrino de honor al entonces presidente de la Deputación, Rafael Louzán. FOTO: GUILLE LÓPEZ

**COMISARIO** Enrique J.Varela Álvarez. Decano Facultade de Dirección e Xestión Pública, 2020-2026

**EQUIPO REDACCIÓN** Xosé M.ª Mahou, Ferando Martínez, Sara M.ª Torres e Óscar Briones

**COLABORAN** Diario de Pontevedra, CACTUS Publicidad, DUVI (Pontevedra)
Delegación de Alumnado DXP, Profesorado do Grao dxp e Máster DPLI, PTXAS DXP e Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

Facultade de Dirección e Xestión Pública

# 25 ANOS
## DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA

25 aniversario Dirección e Xestión Pública

**1999-2000**
INÍCIASE A DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PUBLICA

**2009-2010**
INÍCIASE O GRAO EN DIRECCIÓN E E XESTIÓN PÚBLICA PRESENCIAL

**2011-2012**
INÍCIASE O MÁSTER VIRTUAL EN DIRECCIÓN PÚBLICA E LIDERADO INSTITUCIONAL

**2014-2015**
INÍCIASE O GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA SEMIPRESENCIAL

**2020-2021**
PLAN NOVO NO GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA, MODALIDADES VIRTUAL E PRESENCIAL

**2020**
COMEZA O PROCESO DE CREACIÓN DA FACULTADE DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA

**2021**
A UNIVERSIDADE DE VIGO APROBA A FACULTADE DXP

**XUL-2022**
A XUNTA APROBA A FACULTADE DXP
DECRETO 133/2022, DE 7 DE XULLO, POLO QUE SE APROBA A CREACIÓN DA FACULTADE DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO. DOG 146, 22/08/2022

**2022-2023**
PLAN NOVO DO MÁSTER VIRTUAL EN DIRECCIÓN PÚBLICA E LIDERADO INSTITUCIONAL

**NOV-2022**
O 28 DE NOVEMBRO DE 2022 ELÍXESE O PRIMEIRO DECANATO DA FACULTADE DXP

**DEC-2022**
O 21 DE DECEMBRO DE 2022 CONSTITÚESE A PRIMEIRA XUNTA DE FACULTADE DXP

**2023-2024**
IMPLEMENTACIÓN DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE ACTIVIDADES 2022-2025

**2025**
1999-2000 / 2024-2025
25 ANIVERSARIO DXP























UniversidadeVigo

Facultade de Dirección e Xestión Pública

# ACTIVIDADES 2023-2024

25 aniversario
Dirección e Xestión Pública

## FEBREIRO 2023

**SEMINARIO**
Dixitalización, servizos públicos e UE

## MARZO 2023

**CONFERENCIA**
Ética pública e sistemas de integridade institucional. Jesús Oitabén Barcala

**CONFERENCIA**
Transparencia e colaboración no actual futuro das administracións tributarias. Daniel Gómez Aragón




## ABRIL 2023

**EXPOSICIÓN**
Axenda 2030: un reto para a humanidade, un reto para a Universidade




## XUÑO 2023

**I SEMINARIO ALUMNI DXP**
Día das Nacións Unidas para a Administración Pública




**CONFERENCIA. Cátedra Jean Monet**
A Unión Europea nos medios de comunicación: perspectivas e temas.
Tino Santiago

**XORNADAS**
Pensando modelos de índices de desenvolvemento transfronteirizo na era dixital para compartir fronteiras globais.
Francisco Lara, Hilda García, Xavier Martínez

**TALLER. Cátedra Jean Monet**
A Unión Europea na era dixital




## OUTUBRO 2023

**EDUGAL**
Salón de educación e formación de Galicia 2023

## NOVEMBRO 2023

**XORNADAS**
Captación de talento. Gabriel Alonso, César Plá, José M.ª Imbert, Mar García e Sonia Postigo




**SEMINARIO**
Dixitalización, servizos públicos e Unión Europea

**CONFERENCIA**
Tríade global: UE, China e Latinoamérica no Século XXI. Raquel Isamara León

**CONFERENCIA ALUMNI**
Fondos Next Generation. Inés Chao Vega

**CONFERENCIA**
O goberno democrático do planeta e a defensa dos dereitos humanos. Argimiro Rojo Salgado

**EXPOSICIÓN**
BACHA BALTIC CHAIN PROJECT



## FEBREIRO 2024

**DEBATE**
Eleccións ao Parlamento de Galicia 18-11-2024




## MARZO 2024

**TALLER**
Elaboración e xestión de proxectos financiados pola Unión Europea no contexto dixital

**TALLER. Cátedra Jean Monet**
Con Serafín Pazos



## ABRIL 2024

**CONFERENCIA**
Encontros por Europa.Lexislatura 2019-2024: desafíos da UE. J.Luis de Castro Ruano




**XORNADA**
Gobernos rexionais e locais: tecendo relacións na escea internacional



**CONFERENCIA**
O Reino Suevo de Galicia en tempos de Martiño de Dumio. Anselmo López Carreira

**XORNADA**
50 anos da Revolución dos Caraveis: influencia na transición española

**OLIMPÍADAS DXP**

**I SEMANA DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA**



## MAIO 2024

**TALLER. Cátedra Jean Monet**
Con Patricia Sánchez Abeal







**CLUB DE DEBATE**
Sesión final curso 2023-2024

## XUÑO 2024

**XORNADAS**
Portas abertas virtuais

**TALLER. Cátedra Jean Monet**
A UE da era dixital: unha alternativa para mozos investigadores



# ACTIVIDADES 2024-2025

25 aniversario
Dirección e Xestión Pública

## XUÑO 2024

**II XORNADAS**
Docencia virtual universitaria: a Universidade presencial pública ante o reto da virtualización




**XORNADA**
Conferencia interuniversitaria dos graos en Xestión e Administración Pública. Universidades de Vigo, Politécnica de Valencia e Alacante




**OBSERVATORIO DE GOBERNANZA G3**
Asesoramento a cadros directivos da Administración angoleña





**TFG**
Plan de mellora para a zona monumental elaborado por unha alumna de DXP

## SETEMBRO 2024

**25 ANIVERSARIO DXP**




## OUTUBRO 2024

**FEIRA**
De empregabilidade INCAMPUS 2024

**EDUGAL**
Salón de Educación e Formación de Galicia 2024





**CONFERENCIA**
Xestión Pública: das historias inventadas á evidencia. Simón Rego Varela

**PRESENTACIÓN**
Actividades do 25 aniversario da Facultade DXP




## NOVEMBRO 2024

**CHARLAS**
Mesas de América

**CONFERENCIA**
Cooperación ao desenvolvemento sostible: un role play. Virginia Romero Sobral

**III SEMINARIO. Cátedra Jean Monet**
Institucións e cidadáns europeos: adaptar a UE aos retos de dixitalización




**XORNADAS**
Captación de talento na función pública. Gabriel Alonso, Carmen Román, Miguel Ángel Varela, Micaela Martínez e Sonia Postigo




**HOMENAXES DXP**
Os deportistas do Grao DXP

**FEIRA DE UNIVERSIDADES**

**PRESENTACIÓN**
PROXECTO BALTIC CHAIN. Da cadea bática á ciberpolítica: o activismo político na era dixital

## XANEIRO 2025

**CONFERENCIA**
Inauguración do ciclo Dixitalización e gobernanza electrónica. A constitución da democracia dixital. Alan J. Bronfman



## FEBREIRO 2025

**TALLER. Cátedra Jean Monet**
Elaboración e xestión de proxectos financiados pola UE no contexto dixital. 3ª edición

## ABRIL 2025

**MATROA DA FACULTADE**
Coñecendo a Hannah Arendt



## ABRIL 2025

**CONFERENCIA**
A política en tempos de polarización. Salvador Martí Puig





**HOMENAXE SECTOR PÚBLICO**
Deputación de Pontevedra e emprego no sector local. Luis López Diéguez, Presidente Deputación de Pontevedra

**OLIMPIADAS DXP**

## MAIO 2025

**HOMENAXE SECTOR PRIVADO**
Presidente Consello Xeral de Xestorías Administrativas de España e Conselleiro delegado de SIGA98. Fernando Santiago Ollero



**CONFERENCIA**
Europa ante o contexto xeopolítico actual. Argimiro Rojo Salgado

**CONFERENCIA**
Toma de decisións políticas baseadas na evidencia científica. Eloisa del Pino, Presidenta do CSIC



## XUÑO 2025

**GRADUACIÓN**
Con Clara Mapelli Marchena, Secretaria de Estado de Función Pública

**MESA. Cátedra Jean Monet**
Europa en titulares: cambios na cobertura mediática da Unión Europea

**HOMENAXE ALUMNI DXP**
Día mundial da Administración Pública, ONU



# CALIDADE E EMPREGABILIDADE

25 aniversario
Dirección e Xestión Pública

## CALIDADE ACADÉMICA E ÉXITO PROFESIONAL

A Facultade de Dirección e Xestión Pública nestes últimos anos foi quen de converterse nun perfecto "contedor académico" a partir do cal os títulos de Grao en Dirección e Xestión Pública, do Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional e do equipo de investigación do Observatorio de Gobernanza G3 conseguiron ter presenza propia en Galicia, España e América Latina.




Fotografía: G.García




Fotografía: D.Freire


Fotografía: D.García

### A FACULTADE

Para o ALUMNADO foi a facultade mellor valorada da Universidade de Vigo no curso 22-23 (4,43 sobre 5). No curso 24-25 tan só foi superada por Empresariais e Turismo de Ourense.

**4,43**

Para o PROFESORADO do Campus de Pontevedra foi a mellor valorada no Curso 24-25 (4,66 sobre 5)

**4,66**

### O GRAO

O Grao en Dirección e Xestión Pública é a titulación máis valorada da Universidade de Vigo polo ALUMNADO cun 4,32 sobre 5 no curso 22-23 en cun 4,5 no curso 24-25. O PROFESORADO valóraa cun 4,48 sobre 5.

**4,50**

### O MÁSTER

O alumnado valorou o Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional cun 4,60 sobre 5 no curso 2022-2023.

**4,60**

### PRÁCTICAS PROFESIONAIS

O alumnado valorou cun 4,40 sobre 5 a satisfacción sobre o desenvolvemento das prácticas pre-profesionais no curso 2024-2025.

**4,40**

*Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/*

**TAXA DE PREFERENCIA 115,6%**
Porcentaxe do alumnado que escolle o grao como primeira opción nas solicitudes de matrícula

**TAXA DE ÉXITO 95,77%**
Porcentaxe de materias presentadas e aprobadas nos cursos 2023-2024 e 2024-2025

## CAPTACIÓN

O Grao cubre todas as prazas da modalidade presencial (25/20) e virtual (25/25), consolidando os estudos de grao híbridos en Galicia e España. O Máster é un dos posgraos máis demandados da UVIGO: 150 solicitudes para 25 prazas nos últimos tres cursos.

## EMPREGABILIDADE

As persoas egresadas na nosa Facultade son as máis demandadas de toda a Universidade de Vigo polos Concellos da provincia no programa de bolsas +EMPREGA da Deputación de Pontevedra: na convocatoria do 2025, 11 persoas graduadas en 7 concellos (A Guarda, Caldas, Cangas, Portas, Ribadumia, Vilagarcía e Redondela).

A Facultade constitúese nun viveiro de emprego público con alumnado incorporado definitivamente en todo tipo de institucións públicas do Estado, da Xunta de Galicia, e locais, con presenza en postos de habilitación nacional e nas Deputacións.

A nivel internacional, alumnado egresado traballa na EU, en diferentes institucións internacionais e no terceiro sector con proxectos en ONGs e asociacións do máximo nivel. A Facultade é un foco de formación continua de posgrao e en microcredenciais para persoal directivo ou alto funcionariado de todas as administracións. Cóntase así cunha valiosa rede de alumnado egresado na esfera da Dirección Pública




Fotografía: Dani Masso


Fotografía: Rafa Fari



# INNOVACIÓN

## MOBILIDADE E CREATIVIDADE

25 aniversario
Dirección e Xestión Pública

A Facultade de Dirección e Xestión Pública abre un espazo específico para a reflexión, o impulso e a sistematización da innovación docente. Entendida como un proceso continuo de mellora, esta liña de actuación estrutúrase arredor de tres eixos fundamentais

### GRUPO INNOVACIÓN DOCENTE

O Grupo DocenciaAberta_OpenTeaching creado no 2016 e integrado polo profesorado da FDXP, desenvolve unha liña de investigación centrada no ensino en liña dende un enfoque aberto e multidisciplinar. Obxectivo: contribuír á mellora continua dos procesos de ensino-aprendizaxe, mentres promove a transferencia da experiencia docente e investigadora a outras titulacións da UVigo.

### PROXECTOS DE INNOVACIÓN

Impulsamos convocatorias específicas para o desenvolvemento de proxectos de innovación vencellados ás materias das nosas titulacións. Estes proxectos teñen como finalidade introducir novas metodoloxías participativas na aula e reforzar a adquisición de competencias por parte do alumnado.

### ACTUALIZACIÓN DOCENTE

Organízanse accións formativas dirixidas ao profesorado para promover o intercambio de experiencias docentes e a actualización de coñecementos, incorporando novas estratexias didácticas útiles e realistas na aula. Obxectivo: consolidar un modelo docente baseado nunha cultura organizativa fundamentada na colaboración e de innovación orientada á mellora efectiva da práctica educativa.


Exposición Axenda 2030


Club de debate DXP










Inicio curso 2007-2008


Exposición Hannah Arendt


Parlamento Xove


Laboratorio de podcast G3



## CLUB DE DEBATE

A Facultade impulsou diversas iniciativas dende a súa creación dirixidas a mellorar as competencias e habilidades do alumnado tanto na súa modalidade presencial como virtual. Coa Delegación de Alumnado DXP, puxo en marcha actividades que melloran o pensamento crítico, a capacidade de oratoria, así como as destrezas de debate entre o seu alumnado.

O Club de Debate DXP forma parte destas actividades dende o curso 2022-2023 continuando as propostas da Grecia clásica da reunión nunha Ágora para debater sobre problemas comúns nunha comunidade.


Club de debate DXP



## MOBILIDADE ACADÉMICA

Unha das mellores experiencias que o alumnado da Universidade de Vigo pode vivir na súa etapa académica é a mobilidade nacional e internacional. Diferentes programas europeos, estatais e autonómicos ofertan prazas e recursos económicos que permiten que o alumnado poida vivir outros contextos sociais e universitarios. Dende a Facultade DXP, en colaboración coa Oficina de Relacións Internacionais da UVigo, ofrécense programas de mobilidade.



# INVESTIGACIÓN

## OBSERVATORIO DE GOBERNANZA G3

25 aniversario
Dirección e Xestión Pública

### LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

Constituído o 21 de decembro de 2010, o Observatorio de Gobernanza G3 é un grupo de investigación das áreas de Ciencia Políitica e da Administración e Socioloxía da Universidade de Vigo. O seu ámbito de traballo é a investigación científico-social e transferencia do coñecemento, sendo as súas principais liñas de investigación:

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| GOBERNANZA PÚBLICA | UNIÓN EUROPEA | XESTIÓN PÚBLICA | E-SAÚDE | DIRECCIÓN PÚBLICA | GOBERNOS MULTINIVEL | GOBERNOS MULTINIVEL | E-LEARNING |





### OFERTA CIENTÍFICA

Buen gobierno
Buena administración
Buena ciudadanía

Análise de recursos humanos en organizacións públicas.

Análise de sistemas de cooperación e creatividade institucional entre actores públicos, privados e do terceiro sector.

Asesoramento en deseños institucionais baseados en sist. de gobernanza pública.

Deseño e implementación de sistemas de e-Learning na educación superior e universidades de España, Europa e América Latina.

Estudos sobre políticas públicas estatais, autonómicas e locais.

Estudos sobre servizos públicos e a súa organización, xestión e avaliación.

Estudos sobre Unión Europea e gobernos multinivel.

Informes sobre dirección pública nas organización e sobre e-Saúde e portais de saúde públicos.

Desenvolvemento de plans de cooperación territorial e transfronteiriza en Europa e América Latina.

### PUBLICACIÓNS

Publicacións do Observatorio G3, 2010-2025:







Colaboracións do Observatorio G3, 2012-2023:

















### PERSOAL INVESTIGADOR

 Enrique José Varela Álvarez

 Fernando Martínez Arribas

 Óscar Briones Gamarra

 Xosé María Mahou Lago

 Celso Cancela Outeda

 Mónica López Viso

 Victoria Canoura Leira

 Álvaro Xosé López Mira

 David Casado Neira

 Bruno González Cacheda

 Constantino Cordal Rodríguez

 Virginia Romero Sobral

 Antón Lois Fernández Álvarez

 Ignacio N. Fernández Sainz

# MÁSTER
## DIRECCIÓN PÚBLICA E LIDERADO INSTITUCIONAL

25 aniversario
Dirección e Xestión Pública

### 2011: ABERTO AO MUNDO

No curso 2011-2012, nun contexto marcado pola crise económica, a Área de Ciencia Política da Universidade de Vigo deu un paso importante, pon en marcha o Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional (MDPLI), en modalidade totalmente en liña.

Nacía así o primeiro título oficial que ofrecía, dende a universidade pública, unha formación especializada e integral en dirección pública. Un programa orientado á mellora da capacidade directiva, á modernización institucional e ao fortalecemento do liderado no sector público.





### ADAPTACIÓN

Nun exercicio constante de escoita co alumnado e profesorado, o plan de estudos de MDPLI foi evolucionando para incorporar novas demandas e adaptarse aos novos tempos líquidos, cunha premisa clara: formar directivos públicos capaces de actuar en contornas complexas e cada vez máis incertas

### INNOVACIÓN

O MDPLI non só innovou nos contidos. Foi tamén o primeiro Máster dunha universidade pública presencial que se ofertou, dende a súa orixe, en modalidade completamente en liña. Unha aposta decidida por abrir fronteiras, superar limitacións xeográficas e facilitar o acceso á formación superior tanto a novos graduados e graduadas como a profesionais en activo dende calquera parte do mundo.

A modalidade online non foi simplemente un formato tecnolóxico, supuxo tamén unha transformación do modelo docente e organizativo rompendo todo tipo de barreiras.

| | | | |
|---|---|---|---|
| BARREIRAS MENTAIS demostrando ao alumnado, profesorado e á comunidade académica xeral que a calidade académica tamén podía ser plenamente virtual | BARREIRAS COMUNICATIVAS creando novas dinámicas de interacción entre profesorado, alumnado e coordinación académica | BARREIRAS METODOLÓXICAS introducindo novas formas de ensinar, avaliar e acompañar ao estudantado | BARREIRAS DE XESTIÓN ensaiando novas formas de coordinación, reformulando procedementos, creando instrumentos operativos e mecanismos de supervisión e planificación |

### 2020

O tempo dounos a razón e avalou o modelo, especialmente cando a pandemia da COVID-19 levou á universidade a adoptar de forma xeralizada a docencia non presencial.



Producíronse cambios significativos na propia práctica docente no MDPLI: incrementouse a docencia síncrona mediante a nova aplicación de videoconferencia creada pola UVigo (Campus Remoto), ampliáronse as ferramentas dispoñibles na plataforma de teledocencia (MoOvi) e xurdiron novas esixencias por parte do estudantado

### EQUIPO

Un profesorado de recoñecido prestixio docente e investigador no ámbito da dirección e xestión pública, políticas públicas, xestión de persoas e equipos, liderado, metodoloxía, ciencia política.

Un alumnado implicado e esixente, disposto a aprender, a compartir a súa experiencia profesional e a participar activamente na mellora do título.

Unha coordinación académica comprometida e o apoio metodolóxico de teledocencia da Universidade de Vigo.




### RESULTADOS

15 anos ininterrompidos de docencia

2 acreditacións de calidade do título (ACSUG)

280 estudantes (65 estranxeiros)

Incremento sostido da demanda: de 20 solicitudes na primeira edición a máis de 150 en 2025

Alta taxa de satisfacción

# COMUNIDADE E VALORES

25 aniversario
Dirección e Xestión Pública

### DELEGACIÓN DO ALUMNADO E ALUMNI

A delegación do alumnado da Facultade DXP intégrana un grupo de alumnos e alumnas das modalidades presencial e virtual do Grao e do Máster. A súa misión é achegar a visión do alumnado que forma a #comunidade DXP en Pontevedra, Galicia, España, Unión Europea e América Latina aos títulos presentes e futuros da FACDXP.

O alumnado egresado conforma o Alumni DXP que axuda a deseñar e colaborar nas diferentes actividades de formación complementaria, debate, acción social e cultural que se poñen en marcha ao longo de cada curso académico; Alumni forma un ecosistema de profesionais do sector público activo e comprometido.



### ALUMNADO PRESENCIAL

A modalidade presencial do Grao en Dirección e Xestión Pública está orientada ao alumnado que provén das probas de PAU e dos Ciclos de Formación Profesional interesados en traballar nas administracións públicas de Pontevedra, Galicia, España e a Unión Europea. A formación do Grao presencial axuda tamén a desenvolver competencias laborais para o traballo profesional en xestorías administrativas, empresas de consultoría, así como do sector social.

### ALUMNADO VIRTUAL

A modalidade virtual do Grao está orientada á formación de profesionais en competencias, habilidades e destrezas de traballo en equipo e resolución de problemas nas institucións públicas, organizacións privadas e do terceiro sector. O Máster virtual en Dirección Pública e Liderado Institucional é un posgrao oficial, público e de calidade, recoñecido polo alumnado e os/as egresados/as da Universidade de Vigo como un dos seus mellores programas formativos.



"Dende a Delegación do Alumnado, a experiencia ao longo destes 25 anos sempre se caracterizou pola proximidade e o acompañamento constante do profesorado. En DXP construíuse unha contorna na que non só aprendemos, senón que fomos guiados dende o principio para atopar o noso camiño profesional, sempre con oportunidades diversas para todas e todos que nos permiten explorar, medrar e desenvolvernos tanto a nivel académico como persoal."

Milagros Hurtado, Presidenta Delegación do Alumnado DXP 2024-2026







Pedro Sanjuan e María Pousada








## VALORES DXP

Sendo conscientes da interrelación entre os 17 Obxectivos de desenvolvemento sostible, dous son os que, preferentemente, guiaron a planificación da nosa Facultade de Dirección e Xestión Pública.

O ODS 16, como razón de ser, misión e visión dunha institución pública de educación superior que promove a xustiza social, a paz e as institucións sólidas, formando profesionais do sector público e dos sectores privados e sociais que traballan con el en competencias, habilidades e destrezas que desenvolvan ecosistemas de cooperación institucional orientados a resolver problemas colectivos.

O ODS 17 define os principios das necesarias alianzas que deben crearse entre os actores sociais, políticos, administrativos e económicos co fin de alcanzar os obxectivos establecidos











